- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora. - Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario. - Estratexias de procura e selección de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación. - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise, individual e cooperativamente, facilitando o diálogo e a resolución de conflitos. - A organización política. Principais entidades políticas e administrativas da contorna local, autonómica e nacional en España. Sistemas de representación e de participación política. - España e a Unión Europea. Formas de goberno. Fórmulas para a participación da cidadanía na vida pública. - España e Europa. As principais institucións de España e da Unión Europea, dos seus valores e das súas funcións. Os ámbitos de acción das institucións europeas e a súa repercusión na contorna. - Cidadanía activa. Fundamentos e principios para a organización política e xestión do territorio en España. Participación social e cidadá. - Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes: a discriminación positiva.

UD	Título da UD	Duración
7	Historia do mundo e contemporaneidade: viaxe dende a Revolución Francesa ata os nosos días.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, da seguridade integral cidadá e no recoñecemento das vítimas da violencia	Identificar roles diferentes dos diferentes estados na historia recente a partir de fontes sinxelas.	PE	50
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Identificar feitos da contorna social e cultural no período da Idade Contemporánea.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades da Idade Contemporánea, incorporando a identidade de xénero.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	50
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Valorar positivamente a diversidade étnica e cultural na contorna e na historia recente.		
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		
CA4.4 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos.

Contidos

- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario.
- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.
- Estratexias de procura e selección de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación.
- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise, individual e cooperativamente, facilitando o diálogo e a resolución de conflitos.
- Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, particularmente as propias do pobo xitano. Recoñecemento da diversidade cultural e lingüística de España.
- Os principios e valores dos dereitos humanos e da infancia, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española, dereitos e deberes da cidadanía. A contribución do Estado e das súas institucións á paz, á seguridade integral e á cooperación internacional para o desenvolvemento.
- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes: a discriminación positiva.
- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais). As pegadas da historia na contorna.
- Temas de relevancia na historia: Idade Contemporánea, transformacións económicas, políticas, sociais e culturais, o papel representado polos suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.
- O papel da muller na historia e os principais movementos en defensa dos seus dereitos. Situación actual e retos de futuro na igualdade de xénero.
- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e da cultura no mundo actual.
- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
8	Cultura e arte na Idade Contemporánea.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.	PE	60
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Identificar feitos da contorna social e cultural durante a Idade Contemporánea.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades durante a Idade Contemporánea, incorporando a identidade de xénero.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Recoñecer e respectar a diversidade en xeral, e étnica e cultural en particular.		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Recoñecer actitudes sexistas e non igualitarias en diferentes contextos.		
CA4.4 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - Estratexias de procura e selección de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación. - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise, individual e cooperativamente, facilitando o diálogo e a resolución de conflitos. - Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes: a discriminación positiva. - As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais). As pegadas da historia na contorna. - Temas de relevancia na historia: Idade Contemporánea, transformacións económicas, políticas, sociais e culturais, o papel representado polos suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos. - O papel da muller na historia e os principais movementos en defensa dos seus dereitos. Situación actual e retos de futuro na igualdade de xénero. - As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e da cultura no mundo actual. - O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As propostas pedagóxicas terán en conta o deseño de propostas de aprendizaxe baseadas no traballo competencial e nos principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA). Esta metodoloxía terá en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo a aprendizaxe en equipo. A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual do alumnado e a aprendizaxe cooperativa.

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado a través de situacións de aprendizaxe será a canle para tratar de acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar ao alumnado ao coñecemento científico.

A contorna será o referente para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade, ata chegar a outras máis lonxanas e complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a inclusión e a participación de todo o alumnado.

En cada trimestre, afrontaremos unha situación de aprendizaxe relacionada coas unidades didácticas traballadas:

- 1º Trimestre: Por que xiramos coa Terra? Traballaremos a elaboración dun titorial en formato vídeo ou presentación que dea resposta aos principais fenómenos físicos relacionados coa Terra.
- 2º Trimestre: Por que pagamos coa mesma moneda? Partiremos do feito de que bo número de países compartimos o euro como moneda, para elaborar unha exposición sobre diferentes elementos relacionados coa Unión Europea (países membros, xentes e institucións, diversidade cultural...).
- 3º Trimestre: Por que imos aos museos? Partindo da elaboración de sinxelas biografías eminentemente visuais de artistas emblemáticos dos últimos tempos, faremos un achegamento á evolución da cultura e da arte na época contemporánea.

A metodoloxía será activa, abríndose a novas experiencias que fomenten a innovación educativa e motiven ao alumnado cara ao autodescubrimiento e a curiosidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Libreta ou caderno
Materias de elaboración propia na aula virtual do centro
Ordenador de aula e pizarra dixital
Aula de informática e ordenadores Edixgal
Mapas e planisferios
Globo Terráqueo
Material funxible (cartolinas, folios, pinturas, témperas...)
Google Earth
Programa Scratch
Kahoot
Genially

Educaplay

Empregarase unha variedade significativa de materiais e recursos didácticos para ofrecer ao alumnado un amplo abano de posibilidades adaptadas á especificidade de cada alumna ou alumno, e das diferentes unidades. Procurarase, na medida do posible, o emprego de materiais e recursos públicos e gratuitos, e, no caso de aplicacións e recursos dixitais, que cumplan os criterios de gratuidade, acceso libre e seguridade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial do alumnado na área de Ciencias Sociais seguirá dúas liñas:

- A revisión dos informes individualizados e/ou históricos académicos, especialmente para o caso do alumnado que non se coñeza xa de cursos anteriores. De ser posible, procurarase contactar coas persoas titoras do curso anterior.
- A realización de probas específicas co fin de coñecer o nivel competencial do alumnado, así como os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes específicas na área de Ciencias Sociais. Procurarase o emprego de diferentes instrumentos de avaliacións: probas obxectivas, probas de comprensión a partir de recursos dixitais, interpretación de mapas e outros documentos adaptados etc.

As probas específicas levaranse a cabo nas dúas primeiras semanas de curso, e terán o obxectivo de adecuar a programación didáctica ás necesidades reais do grupo en xeral e de cada alumna ou alumno en particular. Neste eido cómpre ter en conta o distinto perfil do alumnado:

- Alumnado do centro, coñecido ao terlle impartido docencia o curso anterior
- Alumnado de nova incorporación, con informes individualizados
- Alumnado de nova incorporación sen informes individualizados por proceder do estranxeiro

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de necesidades específicas individuais e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	13	13	13	12	12	12	13
Proba escrita	60	60	50	55	35	60	50
Táboa de indicadores	40	40	50	45	65	40	50

Unidade didáctica	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	100
Proba escrita	60	54
Táboa de indicadores	40	46

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as cualificacións das unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para cualificar cada unidade didáctica seguirase a porcentaxe indicada no apartado correspondente, empregaremos:

1. Táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...
2. Probas escritas. Ao remate de cada unidade didáctica, e alternando e/ou combinando preguntas tipo test, preguntas abertas, preguntas de resposta curta, etc.

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

- 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).
- 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

A nota final calcularase tendo en conta as porcentaxes outorgadas a cada unidade didáctica no apartado 3.1., sen perder de vista o carácter global, continuo e formativo da avaliación.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e, ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011)

Na avaliación inicial, e en coordinación co equipo docente e o Departamento de Orientación, desenvolveranse as seguintes medidas no caso de ser precisas:

Medidas ordinarias

Están destinadas a facilitar a adecuación do currículo sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos criterios de avaliación. Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

1. Como medida de detección de necesidades específicas, propoñemos unha avaliación frecuente que comece a efectuarse, como é preceptivo, no mesmo inicio do curso.
2. Propoñemos unha organización do curso no que o alumnado con mellor adaptación axude e colabore co que menos adaptación presente ás diferentes áreas. Deste xeito, o alumnado convértese en protagonista do proceso de atención á diversidade.
3. Como medida de atención ao alumnado que manifeste un grao especialmente elevado de coñecementos ou de madurez intelectual, con respecto ao nivel medio do grupo, propoñemos unha atención paralela que permita proporcionarlles actividades motivadoras que supoñan un maior desafío na busca de información e establezan novos horizontes temáticos e novas conexións entre os contidos, co obxectivo adicional de fomentar a colaboración coas tarefas docentes en beneficio do resto do alumnado.
4. Como medida de atención alumnado que manifeste dificultades con respecto ao nivel medio do grupo serán, así mesmo, atendidos individualmente segundo as necesidades específicas: material complementario que permita achegarse aos obxectivos básicos, adaptación de actividades, etc.
5. Como medida de atención ao alumnado que se incorpore ao curso unha vez comezado, analizaremos cada situación individual en base aos informes persoais por traslado e ás recomendacións do Departamento de Orientación. En función deses informes propoñemos unha avaliación individualizada, a través dunha entrevista persoal, para determinar o grao de competencia na área. Deseguido, o docente informará ao alumnado implicado, a partir da programación oficial, de todos os aspectos da área que sexan relevantes. Despois de todo isto, o alumnado implicado pasará a atenderse segundo as medidas que detallamos no punto anterior, o 4 (ou 3 se fose o caso).

Medidas extraordinarias

Están destinadas a atender as necesidades específicas de apoio que requiran modificacións significativas do currículo ou da organización do proceso educativo.

Serán aplicadas cando as medidas ordinarias de atención á diversidade sexan insuficientes. Aplicaranse en casos nos que as barreiras para conseguir os obxectivos da aprendizaxe sexan extraordinarias, casos que oficialmente se protocolarizan como NEE (necesidades educativas especiais) e/ou NEAE (necesidades específicas de apoio educativo). Nestes casos, o docente coordinarase co profesorado tutor, coa coordinación de ciclo e co Departamento de Orientación, para planificar e desenvolver as actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Durante o proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Propóranse medidas de reforzo individualizadas para alumnado implicado. A parte da atención especial durante o proceso de ensino, para o alumnado NEE ou NEAE serán deseñadas probas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas.

Plan de traballo específico co alumnado repetidor

Este Plan está centrado especificamente no tratamento didáctico de dificultades para aquel alumnado que se vira na obriga de repetir curso, a través de cinco obxectivos complementarios:

1. Reflexionar sobre os aspectos motivacionais que ocasionaron a repetición para corrixilos de cara ao aproveitamento das ensinanzas do ciclo e da etapa.
2. Conseguiar unha mellora do desenvolvemento das capacidades e competencias básicas.
3. Facilitar a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo diario, tanto na aula como fóra dela.
4. Aumentar as expectativas académicas e crear unha actitude positivas de superación.
5. E finalmente, mellorar os resultados académicos.

O seguimento do Plan apoiárase nas seguintes instancias:

- Nas reunións periódicas dos Equipos Docentes.
- No Departamento de Orientación.

Ao finalizar o curso farase unha revisión do Plan, e a avaliación e as propostas de mellora serán consignadas na memoria final.

Informarase deste Plan ao alumnado implicado e ás súas familias ao comezo do curso escolar. O docente implicado, realizará ao longo do curso escolar un seguimento da evolución do alumnado repetidor e informará periodicamente del ás familias.

Atención educativa virtual

O alumnado que presente dificultades para asistir ao centro docente por causas xustificadas, será atendido a través da aula virtual ou daquelas outras ferramentas que poideran proporcionar as autoridades educativas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento		X		X				X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos			X	X	X	X	X	
ET.9 - Educación para o consumo responsable			X	X				
ET.10 - Desenvolvemento sustentable			X	X	X			
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito					X	X		
ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As ciencias sociais serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita, a igualdade de xénero ou a resolución pacífica de conflitos, estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída a planta de Sogama (Cerceda) ou parque de Sotavento (Xermade)	Vivenciar de primeira man a reciclaxe e o emprego de enerxías limpas para unha vida sustentable.	X		
Visita ao Parlamento de Galicia (Santiago de Compostela)	Coñecer o funcionamento da cámara de representantes de Galicia.		X	
Visita ao Museo do ferrocarril (Ponferrada ou Monforte)	Coñecer un dos elementos fundamentais do desenvolvemento da Idade Contemporánea.			X

Observacións:

As tres actividades propostas, unha vez aprobadas polas autoridades educativas, implicarán a elaboración dun caderno de traballo, de xeito que contribúan de xeito significativo a facilitar as aprendizaxes curriculares do alumnado naquelas unidades didácticas relacionadas:

1. A saída á planta de Sogama ou ao parque de Sotavento enmárcase no desenvolvemento das unidades 3 e 4, relacionadas co cuidado do planeta e a vida sustentable.
2. A visita ao Parlamento de Galicia enmárcase nas unidades 5 e 6, relacionadas coa organización política a diferentes escalas.
3. A visita ao Museo do derrocarril de Pongerrada ou Monforte enmárcase na unidade 7, relacionada coa entrada na Idade Contemporánea e os principais fitos desta.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A secuenciación e a temporalización das unidades didácticas adaptación ás características do grupo de alumnado.
Os elementos transversais seleccionados para cada unidade didáctica encaixan nas situacións de aprendizaxe propostas.
Metodoloxía empregada
Pátese do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
As actividades propostas están debidamente secuenciadas, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Distribúese o tempo axeitadamente ás situacións de aprendizaxe.
Faise uso da axenda escolar como recurso organizativo do traballo diario.
Medidas de atención á diversidade
Ségúense as propostas que figuran nas guías e nos protocolos elaborados pola Consellería para a atención do alumnado con NEAE.
Adáptanse os tempos ás necesidades do alumnado tanto na realización das tarefas como na avaliación.
Clima de traballo na aula
Aprovéitase o interese do alumnado por un tema determinado para utilizalo como centro de interese.
Tense en conta a existencia de tarefas doutras materias para planificar as propias.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realízase unha coordinación periódica co resto do profesorado do grupo.
Foméntase a participación e colaboración das familias no proceso de aprendizaxe do alumnado.

Descrición:

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de ciclo.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a práctica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos incluíranse, no seu caso, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre e incluírá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación se incorporarán á memoria final.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información, será suficiente con que o profesorado titor así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores ás da xunta de avaliación parcial; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens, cando menos, unha vez ao mes. Cómpre destacar a importancia da valoración dos datos recollidos na programación de aula de cara a comprobar o desenvolvemento da actividade lectiva (esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación).

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Realizaranse propostas de mellora. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:

- O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
- A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
- A proposta de probas de avaliación de distinta dificultade.
- O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.

A información que se obteña incluírase na memoria final da área, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento susceptibles de aplicación no curso actual.

9. Outros apartados